



Compostela
Cultura

XURADO NOVO ARTES ESCÉNICAS 2024

O Auditorio de Galicia abre o prazo de inscrición para participar no proceso de selección de integrantes do Xurado Novo de Artes Escénicas de Compostela Cultura para a programación escénica do ano 2024 en Santiago de Compostela (no Auditorio de Galicia, no Teatro Principal e noutros espazos).

Para participar, cómpre ter entre 18 e 30 anos e dispoñibilidade para ver durante o ano unha selección de espectáculos de Compostela Cultura.

Non poderán formar parte do xurado aquelas persoas que xa integraran dalgún dos Xurados Novos de Compostela Cultura nas pasadas edicións.

As persoas seleccionadas para conformar o xurado terán acceso libre a todos os espectáculos do programa previo aviso, sempre e cando a capacidade das salas o permita. Serán as encargadas de compor un palmarés honorífico cos mellores espectáculos e traballos que se fará público ao final do ano.

Para presentar a súa candidatura, as persoas interesadas deberán cumprimentar o [FORMULARIO DE INSCRICIÓN](#) NO XURADO NOVO ARTES ESCÉNICAS 2024 e dar resposta ás seguintes preguntas e peticións:

Enderezo de correo electrónico:

Nome e apelidos:

Teléfono:

Data de nacemento:

Envía unha foto (con boa resolución)

1. Explica brevemente quen es e a que te dedicas
2. Cal foi o último espectáculo de artes escénicas que viches e onde?
3. Con que frecuencia vas ao teatro?
4. Por que queres formar parte do xurado?

Prazo límite para o envío do formulario: 15 de xaneiro de 2024.

COMPOSTELA CULTURA

981 552 290

comunicacion@auditoriodegalicia.org

compostelacultura.gal

AUDITORIO DE GALICIA

TEATRO PRINCIPAL

ZONA C. PUNTO DE

INFORMACIÓN CULTURAL



CONCELLO DE
SANTIAGO